

## ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 18.01.2021

Nas dependencias da Federación Galega de Fútbol en Santiago, reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 18.01.21 baixo a Presidencia de D. Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que o é da mesma D<sup>a</sup> Susana Fernández Fiuza; coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.- Aprobación do Orzamento 2021

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.00 horas. Agradece a todos os presentes a súa participación, e pase ao primeiro punto na orde do día.

### **1. Reconto dos membros asistentes:**

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 10 asembleístas. Informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

Tamén informa que, en cumprimento do Artigo 61 apartado 4 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas terán que aprobar en asemblea e durante o derradeiro trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

### **2. Aprobación do Orzamento 2021**

Toma a palabra o Tesoureiro e indica que todos teñen no seu poder o Orzamento 2021 así como así como a liquidación anterior a data 30.10.20. Todo esta documentación a 10 dixitos.

En condicións normais para a preparación do "Orzamento" basámonos, nas previsións e proxectos futuros: estimados e coñecidos; así como, nos datos históricos dos últimos anos, que nos dan unha visión global da estrutura, correlación e xeración de gastos e ingresos no ámbito d ano natural.

Para este ano 2.021, aínda tendo en conta a incerteza predominante, as nosas previsións para a preparación do "Orzamento" baseáronse nas seguintes estimacións:

Calculamos que a crise do Covid estenderase durante a primeira metade do ano e, posiblemente, alcance a terceira; pero consideramos que, no último trimestre, poderíamos estar en condicións de "case normalidade", para poder comenzar a tempada 21/22.

Prescindimos dos datos históricos do ano 2.020, debido á súa irrelevancia, debido á anormalidade do ano e retomamos os orzamentos para o ano 2.020, que reflicten a experiencia dos derradeiras anos, en relación a como se a como se viñen estruturando os ingresos e gastos da Federación, co paso do tempo.

Tivemos en conta que a xeración de ingresos propios da Federación prodúcese no segundo trimestre do ano, aproximadamente o 62% e, destes aproximadamente o 50% prodúcese no último trimestre. Podemos dicir que a estimación feita sobre a incidencia do Covid é próxima á realidade, a repercusión no ano 2021 non producirá os efectos negativos do ano 2020.

Podemos dicir, que se a estimación feita sobre a incidencia do Covid é próxima a realidade, a repercusión no ano 2021 non producirá os efectos negativos do ano 2020.

No apartado "Orzamento" da Xunta hemos estimado que a subvención de la Xunta, para este ano, podería disminuir nun 8%, pola cancelación de algunhas actividades deportivas, debido o "Covid".

Asimismo esperamos que, como no ano 2020 podamos percibir na súa totalidade dentro do primeiro semestre; o que nos permitiría un maior desahogo económico nese período que, sin duda, será o máis crítico de esta crisis.

Finalmente, aínda tendo en conta que a tempada 21/22 pode comezar razoablemente no cuarto trimestre, estimamos que tanto os ingresos como os gastos durante o ano 2021 sufrirán unha diminución próxima ao 20%.

E nada máis que dicir. Agardo que as nosas estimacións estean próximas á realidade e que poidamos volver á normalidade canto antes.

O Presidente indica que se proceda á votación do orzamento para o exercicio 2021 co seguinte resultado:

Votos a favor: 10  
Votos en contra: 0.  
Abstencións: 0

Queda aprobado por unanimidade o orzamento para o exercicio 2021.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 18.26 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.

### Relación de Asistentes

F. Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogadores)  
Laura Alonso Fernández (Xogadoras)  
Jesús Lázare Rincón (C.B. Breogán)  
Julio Feijoo Pardo (C.B. Vedruna)  
Alfonso Sanmartín Carbón (EDM Estradense)  
Lino Vázquez Sánchez (C.B. Arxil)  
Rubén Engroba Cabo (CD Sagrado Corazón)  
Javier Prieto Souto (CB Cambre)  
José M<sup>a</sup> González Rodríguez (CB Valle Inclán)

### Invitados

Alberte Zato e Gómez de Liaño  
Carlos Colinas Morán

Vopo  
O PRESIDENTE



